

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Corrección de erros.-Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.

Advertidos erros na devandita Orde do 22 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de*

Galicia nº 19, do 28 de xaneiro de 2008, cómpre facer as oportunas correccións:

-No anexo I (MR408B) engadirase ao final o cadro de claves e instrucións que se xunta para cubri-lo.

-No anexo II (MR408C) engadirase ao final o cadro de claves e instrucións que se xunta para cubri-lo.

-Engádesse o anexo III, ao cal fai referencia o artigo 3º.2 da citada orde.

CLAVES E INTRUCIÓNS PARA CUBRIR O ANEXO I (MR408B - ORDE DO 22-1-2009)	
A. CLAVES	
1. TIPO DE TITULAR	2. CLASE DE AGRICULTOR
0. Agricultor individual muller. 1. Agricultor individual home. 2. Sociedade. 3. SAT. 4. Cooperativa agraria. 5. CMVMC. 6. Outras. 7. Comunidade de bens. 8. Agrupación de servizos. 9. Cooperativa de explotación comunitaria da terra ou de traballo asociado na actividade agraria.	1. Agricultor a título principal (ATP). 2. Agricultor profesional (AP). 3. Non agricultor profesional. 4. Asociativa prioritaria. 5. Asociativa non prioritaria. 6. Agricultor a tempo parcial.
	3. SEGURIDADE SOCIAL
	1. Réxime especial agrario da S.S. conta propia. 2. Outro da rama agraria. 3. Outro.
4. CAPACITACIÓN PROFESIONAL	
a. Capataz agrícola, FP agraria ou nivel de formación agraria superior. b. Exercicio da actividade agraria polo menos durante cinco anos. c. Actividade agraria e cursos de capacitación suficientes. d. Mozo que ten realizados cursos por un mínimo de 250 horas. e. Mozo que se compromete a realizar os cursos por un mínimo de 250 horas. f. Non ten.	
5. MODALIDADE DE ACCESO AO CATÁLOGO (Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias)	
a. Segundo o artigo 4.1 persoa física. b. Segundo o artigo 4.3 titular comunidade hereditaria. c. Segundo o artigo 5.a titular cooperativa de traballo asociado ou de explotación comunitaria da terra. d. Segundo o artigo 5.b titular doutro tipo de sociedade. e. Segundo o artigo 5.c titular asociativa baixo un só linde. f. Segundo a disposición derradeira 3ª.1. g. Segundo a disposición derradeira 3ª.2. h. Segundo a disposición derradeira 3ª.3.	
B. INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE	
<p>1. Datos da explotación: cubriranse todas as epígrafes en relación coa explotación.</p> <p>2. Persoa titular da explotación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Tipo de titular. Segundo o indicado na clave 1. ✓ Clase. Segundo o indicado na clave 2. ✓ Data de nacemento/constitución. ✓ Número de socios e porcentaxe de socios agricultores profesionais, no caso de entidades xurídicas. ✓ Tipo de Seguridade Social. Segundo a clave 3. ✓ Tipo de capacitación profesional. Segundo a clave 4. <p>3. Persoa cónxuxe, cotitular ou representante: no caso de persoa titular agricultor/a individual e casado/a ou con relación análoga, poranse os datos da persoa cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida. No caso de entidade xurídica, poranse os datos da persoa representante.</p> <p>4. Outros datos da explotación.</p> <p><u>Orientacións produtivas:</u> segundo as claves sinaladas no punto 8 do anexo coas súas correspondentes unidades.</p> <p><u>Modalidade de acceso ao catálogo:</u> segundo a clave 5.</p> <p><u>Tipo de produción:</u> marcarase o tipo de produción que corresponda.</p> <p><u>Réxime de tenza da terra:</u> a superficie en hectáreas.</p> <p><u>Man de obra:</u> na propia contabilizarase a daqueles membros da familia que estean afiliados á Seguridade Social agraria. A man de obra familiar non afiliada á Seguridade Social agraria computarase a razón de 0,5 UTA a primeira e 0,25 UTA cada unha das restantes. No caso de asalariados, deben estar afiliados á Seguridade Social.</p> <p><u>Dedicación da terra:</u> especificarase a superficie de cada cultivo. Na clave 20 súmase a superficie agrícola útil e na 24 a superficie total.</p> <p><u>Maquinaria:</u> indícarase o número de unidades e o ano de adquisición.</p> <p><u>Gando:</u> número de unidades. Xuntarase o anexo complementario para explotacións gandeiras.</p> <p><u>Instalacións:</u> número de unidades, superficie ou volume e o ano de adquisición ou construción.</p> <p>9. Índice da renda unitaria de traballo e renda de referencia: para cubrir pola Administración.</p> <p>10. Documentos que se xuntan: marcaranse cunha cruz os documentos que se achegan. Só DNI para autoconsumo.</p> <p>12. Formalización da solicitude: asinada polo solicitante.</p>	

CLAVES E INTRUCIÓNS PARA CUBRIR O ANEXO II (MR408C - ORDE DO 22-1-2009)

A. CLAVES

1. TIPO DE TITULAR

0. Agricultor individual muller.
1. Agricultor individual home.
2. Sociedade.
3. SAT.
4. Cooperativa agraria.
5. CMVMC.
6. Outras.
7. Comunidade de bens.
8. Agrupación de servizos.
9. Cooperativa de explotación comunitaria da terra ou de traballo asociado na actividade agraria.

2. CLASE DE AGRICULTOR

1. Agricultor a título principal (ATP).
2. Agricultor profesional (AP).
3. Non agricultor profesional.
4. Asociativa prioritaria.
5. Asociativa non prioritaria.
6. Agricultor a tempo parcial.

3. SEGURIDADE SOCIAL

1. Réxime especial agrario da S.S. conta propia.
2. Outro da rama agraria.
3. Outro.

4. CAPACITACIÓN PROFESIONAL

- a. Capataz agrícola, FP agraria ou nivel de formación agraria superior.
- b. Exercicio da actividade agraria polo menos durante cinco anos.
- c. Actividade agraria e cursos de capacitación suficientes.
- d. Mozo que ten realizados cursos por un mínimo de 250 horas.
- e. Mozo que se compromete a realizar os cursos por un mínimo de 250 horas.
- f. Non ten.

5. ORIENTACIÓNS PRODUTIVAS

Clave	Concepto	Clave	Concepto
01	Millo	44	Vacas leite
06	Pataca	45	Xovencas leite
07	Amorodo	46	Vacas carne
08	Kiwi	47	Xovencas carne
10	Hortalizas aire libre	48	Xatos ceba
11	Flor aire libre	49	Ovellas
12	Invernadoiro flor	50	Cabras
13	Invernadoiro hortaliza	51	Eguas
14	Viveiros	52	Visóns femias
15	Viñedo preferente	53	Coellas
17	Outros cereais	54	Enxames
18	Outros cultivos	55	Porcas nai
		56	Porcos ceba
		58	Aves de carne
		59	Poñedoras

B. INSTRUCIÓNS PARA CUBRIR A SOLICITUDE

1. Datos da explotación: cubriranse todas as epígrafes en relación coa explotación. No caso de máis dunha unidade produtiva, o cambio de titularidade poderá ser TOTAL, de todas, ou PARCIAL, dalgunha.

3. Persoa titular actual da explotación:

- ✓ Tipo de titular. Segundo o indicado na clave 1.
- ✓ Clase. Segundo o indicado na clave 2.
- ✓ Data de nacemento/constitución.
- ✓ Número de socios e porcentaxe de socios agricultores profesionais, no caso de entidades xurídicas.
- ✓ Tipo de Seguridade Social. Segundo a clave 3.
- ✓ Tipo de capacitación profesional. Segundo a clave 4.

4. Persoa cónxuxe, cotitular ou representante: no caso de persoa titular actual agricultor/a individual e casado/a ou con relación análoga, poranse os datos da persoa cónxuxe ou parella de feito legalmente recoñecida. No caso de entidade xurídica poranse os datos da persoa representante.

5. Outros datos da explotación.

Orientacións produtivas: segundo as claves do cadro superior coas súas correspondentes unidades.

Man de obra: na propia contabilizárase a daqueles membros da familia que estean afiliados á Seguridade Social agraria. A man de obra familiar non afiliada á Seguridade Social agraria computárase a razón de 0,5 UTA a primeira e 0,25 UTA cada unha das restantes. No caso de asalariados, deben estar afiliados á Seguridade Social.

8. Liñas de axudas da explotación con compromisos: indicáranse as axudas solicitadas e/ou aprobadas a nome da anterior persoa titular para as que aínda existan compromisos que cumprir, para os efectos de subrogación da nova persoa titular.

9. Documentos que se xuntan: marcaranse cunha cruz os documentos que se achegan.

10. Formalización da solicitude: asinada polos solicitantes.

C. Normativa de aplicación

- Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do REAGA, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.
- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

ANEXO III

Clave	Subclave	Actividade	Unidade	Produto bruto	Gastos variables	Marxe bruta	Marxe neta
1	0	Millo	ha	1.442,43	390,66	1.051,77	743,00
6	0	Patacas	ha	2.404,05	1.051,77	1.352,28	743,00
7	0	Amorodo	ha	24.040,48	4.507,59	19.532,89	14.860,30
8	0	Kiwi	ha	9.616,19	901,51	8.714,68	5.944,10
9	0	Outras froiteiras	ha	9.616,19	1.658,79	7.957,40	5.944,10
10	0	Hortalizas aire libre	ha	33.656,68	6.611,14	27.045,54	14.860,30
11	0	Flor aire libre	ha	7.512,65	2.704,55	4.808,10	3.715,10
12	0	Invernadoiro flor	ha	96.161,94	24.040,49	72.121,45	49.534,30
13	0	Invernadoiro hortaliza	ha	79.333,60	13.222,27	66.111,33	49.534,30
14	0	Viveiro	Ud	72.121,45	30.050,60	42.070,85	29.720,60
15	0	Viñedo preferente	ha	8.113,66	1.502,53	6.611,13	4.953,40
17	0	Outros cereais	ha	647,09	228,38	418,71	297,20
44	0	Vacas leite	1.000 kg/cota/ano	320,00	150,00	170,00	92,90
46	1	Vacas carne	Cab	782,74	358,73	424,01	337,70
48	0	Xatos ceba	Praza (1,25 cab)	820,38	628,81	191,57	148,60
49	0	Ovellas	Nai	60,10	9,61	50,49	37,20
50	0	Cabras	Nai	102,17	9,61	92,56	74,30
51	0	Eguas	Nai	210,35	27,04	183,31	148,60
52	0	Visóns femias	Nai	88,95	56,01	32,94	24,80
53	0	Coellas	Nai	142,85	102,85	40,00	32,30
54	0	Enxames	Colmea	84,14	30,05	54,09	43,70
55	0	Porcas nais	Porca nai	1.406,37	1.027,73	378,64	297,20
55	1	Porcas celta nai	Porca nai	2.566,37	1.096,51	1.469,86	1.061,50
55	2	Porcas reprodutoras	Porca nai	930,30	654,60	275,70	212,30
56	0	Porcos ceba	Praza	300,51	255,43	45,08	35,40
56	1	Porcos ceba cadea	Praza	300,51	285,48	15,03	11,90
57	0	Coellos de monte	Nai	125,07	47,66	77,41	61,90
58	0	Aves carne	Praza	9,08	7,40	1,68	1,40
58	1	Polo curral	Praza	7,96	6,16	1,80	1,50
58	2	Capón	Praza	27,05	18,03	9,02	7,20
58	3	Pavos	Praza	27,11	22,54	4,57	3,70
58	4	Patos	Praza	18,97	15,72	3,25	2,60
58	5	Perdiz	Praza	176,58	55,18	121,40	92,90
58	6	Polo curral rec. vivo. int.	100 prazas	75,72	58,92	16,80	13,50
59	0	Poñedoras	Praza	15,99	14,01	1,98	1,60
59	1	Poñedora ecolóxica	100 prazas	39,67	1,21	38,46	29,70
59	2	Recría int. batería	100 prazas	103,45	93,50	9,95	7,80
59	3	Recría int. chan	100 prazas	85,65	71,80	13,85	11,00
59	4	Poñedora ovo incub.	100 prazas	432,72	67,50	365,22	285,80
88	0	Hl Adegas	Hl	751,27	396,67	354,60	285,80

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Resolución do 4 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan as probas de aptitude para a obtención do título de xestor administrativo.

De conformidade co disposto na base quinta da Resolución do 16 de outubro da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan as probas de

aptitude para a obtención do título de xestor administrativo, unha vez finalizado o prazo para a presentación de instancias, e por proposta do presidente do Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.-Anunciar a publicación das listas provisorias de aspirantes admitidos e excluídos das probas de aptitude para a obtención do título profesional de xestor administrativo, que quedarán expostas nos taboleiros de anuncios do Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia (r/ Durán Loriga, 2, 1º, 15003 A Coruña) e nas súas delegacións en Lugo (r/ Bolaño Rivadeneira, 2, entresollado, 27001